



## Visita Guiada ao Parlamento de Galicia

**14 de abril, ás 16.00 horas.**

*A duración é dunha hora e trinta minutos, e consiste no visionado dun vídeo explicativo sobre a institución e o percorrido polas instalacións, acompañados en todo momento por un guía, podendo gozar das pinturas e esculturas de artistas galegos contemporáneos que adornan os corredores e salas.*

*Dado que o día da visita se celebra sesión plenaria, o grupo poderá, sempre que as circunstancias o permitan, presenciar durante uns minutos o debate que se estivese tendo lugar.*

Desprazarémonos en tren (hai un desconto importante para grupos polo convenio co Parlamento).

En breve informaremos do horario e prezo exacto, que roldará os 7€ para a viaxe de ida e volta.

Hai que informar canto antes e remitir por e-mail ao parlamento a relación de nomes, apelidos e DNI do alumando e profesorado acompañante. Polo que pregamos ás persoas interesadas envíen os seus datos ao noso correo:

[endl.corunha@gmail.com](mailto:endl.corunha@gmail.com)

Poñede no asunto: Visita Parlamento Galicia

As prazas son limitadas e atenderemos a orde de inscrición.